

O CONCELLO DE AMES CONMEMORA O DÍA DE ROSALÍA CUNHA LECTURA DE POEMAS DA ESCRITORA GALEGA

[24-02-2012] O Concello de Ames conmemorou esta mañá o Día de Rosalía de Castro coa lectura pública de varios poemas escritos e dedicados a escritora galega. O 24 de febreiro celébrase o nacemento de Rosalía de Castro. Este ano conmemorase o 175 aniversario do nacemento da escritora galega. No acto de lectura por parte do goberno municipal interviñeron o concelleiro de Cultura, Educación e Patrimonio, Alfonso Rey, a concelleira de Asociacionismo, Igualdade, Muller e Xuventude, María González, o concelleiro de Comercio, Promoción Económica, Traballo e Turismo, Bernardo Moar, e o concelleiro de Deportes, Tempo Libre e Voluntariado, Manuel Ferreiro. Por parte do grupo municipal socialista participaron as concelleiras Patricia Conde e Isabel González, mentres que por parte do grupo municipal nacionalista interviñeron Pilar Candocia e Susana Mayo. O pleno aprobou por unanimidade este xoves unha declaración institucional de recoñecemento do 24 de febreiro como Día de Rosalía no Concello de Ames.

O Concello de Ames instaurou o 24 de febreiro como o Día de Rosalía. Este xoves, 23 de febreiro, o pleno aprobou por unanimidade unha declaración institucional de recoñecemento do 24 de febreiro como Día de Rosalía no Concello de Ames. A moción ten o obxectivo de impulsar desde o Concello de Ames a proxección do patrimonio literario de Rosalía de Castro cun "singular protagonismo" pola vinculación da escritora con Ames. O acordo compromete ao Concello a promover a difusión do legado da escritora, nomeadamente entre a cidadanía amesá e, con carácter xeral, en Galicia e fóra da comunidade.

Cada 24 de febreiro o Concello de Ames organizará diversas actividades divulgativas. Así, realizarase unha lectura pública da obra rosaliana con especial protagonismo do alumnado e anualmente implicarase aos centros de ensino municipais, asociacións culturais e veciñais na conmemoración das efemérides rosalianas e no coñecemento dos lugares da contorna relacionados coa escritora. Impulsarase ademais a organización de rutas e promoverase a articulación dunha rede informal de concellos rosalianos para o desenvolvemento de iniciativas comúns.

Do mesmo xeito, mellorarase a sinalética vinculada a Rosalía de Castro coa construción dun espazo de referencia que faga visible a vocación rosaliana de Ames. O Concello de Ames avaliará a posibilidade de estar representado a nivel institucional no Padroado da Fundación Rosalía. Neste sentido, o alcalde de Ames, Santiago Amor, anunciou que xa se iniciaron contactos cos responsables da Fundación para establecer futuras liñas de colaboración.